

UNS PEQUENOS CONSELLOS

1. **INFÓRMATE** das normas e itinerarios do Parque para evitar impactos que afecten os seus valores. Consulta a previsión do tempo. Se tes dúbidas, pregunta no Centro de Visitantes (praza dos Bolos, s/n, Biobra, 32004 Rubiá) ou na web patrimonionatural.xunta.gal/.
2. **EQUÍPATE**. Leva roupa e calzado axeitados e realiza actividades acordes coas túas capacidades. Lembra ter sempre cargado o móbil: o 112 é o teléfono de emerxencias e o 062, o da Garda Civil.
3. **MÓVETE** unicamente polas rutas e sendeiros de uso público. Transitar fóra dos camiños perturba a fauna e dana a flora e os hábitats do Parque e tamén pode ser unha vía de introdución de plantas exóticas.
4. **VALORA ESTE TESOURO E NON DEIXES PEGADA**. Extrema a precaución para non molestar os animais ou danar a vexetación. Recolle os teus desperdicios e non deixes rastro do teu paso. Recorda que tampouco debes levar máis do que traes. Cada pedra, planta... ten a súa función no ecosistema.
5. **DEIXA O TEU COCHE** nos aparcadoiros habilitados. Non circules co coche, a moto, quad ou bicicleta fóra das estradas e pistas habilitadas para iso, e faino a unha velocidade moderada.
6. **RESPONSABILÍZATE DA TÚA MASCOTA**. O seu instinto e comportamento natural inciden na fauna e flora local, independentemente de se o animal ten boa conduta e ten as vacinas ao día.
7. **O LUME PODE DESTRUÍR A VIDA**. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
8. **CONECTA COA NATUREZA** a través dos sentidos, camiña sen préa e goza. Podes participar nalgunha das actividades de educación ambiental gratuítas ofertadas polo Parque.
9. **RESPECTA A POBOACIÓN LOCAL E CONSUME LOCALMENTE**. Hai xente que vive neste parque; valora os seus usos e costumes. Evita obstruír camiños ou accesos a vivendas e non entres en terreos particulares. Facendo uso de tendas, bares e restaurantes da contorna do Parque axudas á economía local.
10. **COLABORA** coa conservación e xestión do Parque Natural. Lembra que non está permitida a acampada libre nin facer lume. Axúdanos a mellorar facendo chegar as túas suxestións ao Centro de Recepción de Visitantes ou a través do correo electrónico servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.gal



Unión Europea

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Máis información en:
cmatv.xunta.gal



Centro de Visitantes
**Praza dos Bolos, s/nº - Biobra
32004 Rubiá (Ourense)**
(+34) 988 386 376 / (+34) 988 386 029



PARQUE NATURAL
SERRA DA ENCIÑA
DA LASTRA

RUTAS DE ORQUÍDEAS



Ruta do Alto do Carballín a Covas por Vilardesilva

Parque Natural Serra da Enciña da Lastra



Abelleira común (*Ophrys apifera*)



XUNTA
DE GALICIA

O **Parque Natural Serra da Enciña da Lastra** está situado no municipio de Rubiá, ao leste da provincia de Ourense. Ten unha extensión de 3.150 hectáreas. Foi declarado parque natural a principios de 2002 e ten unha extensión de 3.150 hectáreas, das que 1.742 ha están incluídas na Rede Natura 2000.

O Parque Natural abrangue a serra e un val calcario de pendentes pronunciadas e cantís, entre os que destacan a Pena Falcueira, o Val do Inferno ou os Penedos de Oulego. O río Sil discorre polo extremo oriental do parque, remansado nese tramo polo encoro de Penarrubia. O outro curso de auga permanente é o río Galir, ademais da existencia doutros regatos estacionais.



A existencia de grandes cantís calcarios, extensas manchas forestais e de matogueira que provén de alimento, con ambientes agrarios tradicionais ben integrados e, en suma, a elevada diversidade de hábitats nunha área de transición entre os climas atlántico e mediterráneo, son determinantes para a existencia da maior comunidade de aves nidificantes de Galicia, con máis de 100 especies, cunha excelente representación de avifauna rupícola e mediterránea no ámbito galego e unha rica poboación de aves rapaces.

OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

- Zona especial de conservación (ZEC) Serra da Enciña da Lastra
- Zona de especial protección para as aves (ZEPA) Serra da Enciña da Lastra.

O PARQUE NATURAL SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA ACOLLE UNHA GRAN DIVERSIDADE DE ORQUÍDEAS

Este Parque Natural acolle a mellor representación de vexetación mediterránea en Galicia e tamén da vexetación propia das calcarias, moi escasas na nosa terra. Ten, por tanto, un gran valor na conservación da nosa biodiversidade.

Asociado ás calcarias desenvólvese unha vexetación escasa no resto de Galicia, acollendo uns tomiñeirais únicos, plantas endémicas e ameazadas e unha gran variedade de orquídeas. Nos bosques viven árbores e arbustos mediterráneos, como aciñeiras, érbedos, sobreiras... e nas sebes medran arbustos espiñentos pouco frecuentes en Galicia.

Xunto con estes ecosistemas naturais, perviven outros que son froito das actividades agrícolas tradicionais, como os soutos con castiñeiros centenarios, os grandes viñedos e os pomares de árbores froiteiras.

Coñécese a existencia de máis de medio milleiro de especies, 62 das cales teñen aquí as únicas poboacións galegas, 40 son endémicas da Península Ibérica, 6 de Galicia e 2 delas son exclusivas das calcarias do Bierzo. Ademais, 26 destas plantas son raras ou están ameazadas en Galicia.

Este clima particular, con características de tipo mediterráneo, e as condicións do solo son os culpables de que poidamos contemplar unha das maiores concentracións de orquídeas de Galicia.



Orquídea abortiva (*Limodorum abortivum*)

As orquídeas representan a perfección, a beleza e o amor. En Europa úsanse como plantas ornamentais a partir do s. XVIII, e foron moi populares entre a aristocracia, pois a súa posesión era símbolo de distinción social. A súa popularidade e a presión exercida polos coleccionistas provocou a extinción de varias especies.

En Galicia hai catalogadas 39 especies de orquídeas. O clima, o tipo de solo e a vexetación circundante condicionan a súa distribución. A presenza no noso territorio dalgunhas zonas de influencia mediterránea aumenta a diversidade.



Eleborine vermello (*Cephalanthera rubra*)

No Parque Natural medran arredor de 27 especies diferentes de orquídeas, o que o converte no espazo natural que presenta a maior variedade de toda Galicia.

Ao longo de toda a Serra da Enciña da Lastra están máis dispersas e aparecen tamén entre matogueiras mediterráneas, que son máis favorables ás orquídeas.

A maioría son polinizadas polos insectos, algunhas enganadoras, imitando outras especies, e noutras o seu néctar ten un efecto de atordamento, afectando a capacidade de voo para que o polinizador permaneza máis tempo sobre a planta.

Recorda que cando vexas unha orquídea debes observala atentamente, sácalle fotografías e disfruta dela, pero non debes manipular, arrancar nin pisar estas plantas tan particulares e únicas. Colaborarás así na súa protección e conservación.

Abelleira común (*Ophrys apifera*)

Característica forma do labelo, que recorda a un insecto. Sépalos ovais e pétalos pilosos de cor rosada. Labelo trilobulado con dous avultamentos laterais pilosos e cun apéndice estreito na base de cor verde. Polinización por abellas, aínda que normalmente se autopolinizan. Florece entre maio e xullo.



Eleborine de folia longa (*Cephalanthera longifolia*)

Esvelta coas follas longas, estreitas e afiadas. Inflorescencia de 8 - 20 flores brancas e pequenas, a miúdo non totalmente abertas. Aromática, polinizada por insectos. Crece en lugares húmidos na beira dos bosques. Bastante frecuente, pódese atopar en flor de abril a agosto.



Orquídea arcea (*Ophrys scolopax*)

Ten tres sépalos externos verdes ou violetas, o superior virado cara atrás na base e logo cara adiante. Dous pétalos laterais de cor rosa a violeta ou verde, e un labelo complexo dividido en tres lóbulos aveludados. Cor marrón, cun debuxo central en forma de H ou X e de cor azul a violeta coa beira marea. Crece en pasteiros, matogueiras abertas, zonas húmidas e claros de bosques ata os 1500 m. Florece entre marzo e xuño.



Orquídea da dama (*Orchis purpurea*)

O seu talo chega ata 80 cm e as flores aparecen reunidas nunha inflorescencia terminal e densa. Pétalos de cor branca rosada. O labelo aplanado de cor branca ou rosada, con mechas púrpura escuro; ten 3 lóbulos, o central profundamente dividido. Habita en pasteiros, matogueiras e bosques, e florece nos meses de abril a xuño.



Satirón manchado (*Orchis mascula*)

A inflorescencia en espiga e flores con tres sépalos iguais, de cor púrpura soldados polos lados, formando unha especie de gorro do que sobresaíe o beizo púrpura, cunha liña branca central salpicada de puntos vermellos. Abundosa no Parque Natural, aparece en pasteiros húmidos e bosques de montaña, onde florece de marzo a xuño.



Abelleira escura (*Ophrys sphegodes*)

Diferénciase doutras especies polos sépalos e pétalos verdosos. Labelo enteiro que imita o corpo dun insecto, de cor variable, sen apéndice na base. Estimuladas pola forma e cores da flor, polinizana abellas. En pasteiros e claros de bosque obsérvase entre marzo e xuño. Probablemente teña no Parque Natural a súa máis numerosa representación en Galicia.



Flor do home aforcado (*Aceras anthropophorum*)

Espiga de flores sésiles e pequenas, con sépalos verdoso-amarelentos coas marxes vermellas. Labelo verdoso-amarelento dividido en lóbulos laterais lineares e cun central bífido, sen esporón. Habita en zonas montañosas, aínda que non a grande altitude. Prefire pasteiros ou matogueiras, a miúdo en solo calcario, e florece entre abril e xuño.



Neotinea (*Neotinea maculata*)

Pequena orquídea, de flores moi pequenas, pero numerosas, forman unha espiga compacta, e tenden a orientarse todas na mesma dirección. Cores branquecinas e rosadas. Non se coñecen ben os axentes polinizadores, aínda que as flores producen néctar. Aparece desde bosques ata pasteiros abertos. Florece relativamente pronto, entre marzo e maio.



Orquídea piramidal (*Anacamptis pyramidalis*)

Especie excepcional, esvelta e con inflorescencia densa en forma de pirámide, con multitude de flores pequenas rosadas, púrpuras ou raramente branquecinas. Polinizada por bolboretas e avelaíñas atraídas polo néctar do seu esporón. Habita en claros de matogueiras mediterráneas e pedregais e florece entre maio a xullo.

Orquídea do home nu (*Orchis italica*)

Densa floración con flores pequenas en forma cónica. Os sépalos púrpuras con liñas de ton máis intenso. O labelo sobresaíe, é de cor rosa claro e con pintas de rosa máis intenso. De cor moi variable, no Parque Natural desenvolve poboacións numerosas de gran visibilidade. Atópase en prados e terreos pedregosos, e florece entre abril e xuño.



**Ruta das orquídeas:
Alto do Carballín, Vilardesilva e Covas**

A mellor ruta para coñecer estas flores tan singulares é un percorrido de 10 quilómetros entre Vilardesilva e Covas aproveitando os sendeiros sinalizados do Parque Natural.

O paseo comeza no alto do Carballín na **Ruta da Ermida de Sto Estevo** e descendemos ao núcleo rural de Vilardesilva para percorrer integramente a **Ruta do Val do Sil**, ata chegar ao lugar de Covas. Subimos polo camiño vello que unía Covas con Biobra ata a zona do Tanque para volver baixar polo val do regato Pereda ata chegar ao forno de cal de Covas.

Nesta ruta podemos observar arredor de 18 especies de orquídeas diferentes, que varían segundo a época do ano da túa visita.

Época recomendada:

Finais da primavera e o verán son os mellores meses para atopar unha maior diversidade de especies.